

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 26 DE SETEMBRO DE 2019.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20 horas e cinco minutos do día vinte e seis de setembro de 2019 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D^a. CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ(RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

Alcalde.- Boa tarde a todas e todos, agradecer a todos a súa presenza.

1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON A DO 29 DE XULLO DE 2019 (ORDINARIA) E 5 DE SETEMBRO DE 2019 (EXTRAORDINARIA) .

Non formulándose observacións fican aprobadas por unanimidade.

2. DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía dítadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 18 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 19 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de xullo, dúas, sobre aboamentos.

Do 23 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de xullo, tres; unha, sobre delegación competencias; dúas, sobre aboamentos.

Do 25 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xullo; tres; unha sobre concesión prórroga eficacia comunicación previa obras, unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de xullo, catro; unha, sobre compensación días; unha, sobre concesión vado permanente; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de xullo; trece, seis, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre fraccionamento débeda; catro, sobre limpeza propiedades; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de xullo; quince; oito, sobre liquidación plusvalía; tres; sobre fraccionamento débeda; unha, sobre concesión vacacións; tres, sobre aboamentos.

Do 01 de agosto;dúas; unha, sobre 27IAE/2018; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de agosto; catro; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, s/ficar sen efecto excedencia; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de agosto; unha, sobre recoñecemento antigüidade a traballadora.

Do 06 de agosto; cinco; unha, sobre ocupación vía pública; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre concesión prórroga eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos

Do 07 de agosto; seis; tres, sobre liquidación plusvalía; dúas; sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de agosto; nove; catro, sobre liquidación plusvalía; dúas sobre bonificación IVTM; unha, sobre contrato laboral temporal; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de agosto; dez; tres, sobre limpeza propiedades; unha, sobre desestimación recurso reposición; unha, sobre requirimento, unha, sobre concesión asuntos propios; tres, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de agosto; cinco; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de agosto; sete; catro, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 14 de agosto, tres; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de agosto; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de agosto; oito; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre bonificación IVTM; tres, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de agosto; oito; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; seis, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de agosto; tres; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de agosto; doce; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre fraccionamento débeda; dúas, sobre liquid. taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre concesión asuntos propios; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de agosto; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre requirimento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de agosto, unha, sobre fraccionamento débeda.

Do 26 de agosto; dúas;
unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de agosto; seis; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre fraccionamento débeda; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de agosto; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de agosto; oito; unha, sobre exención IVTM; unha, sobre cambio titular recibo recollida lixo; unha, sobre concesión vado permanente; tres, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de agosto; tres; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións.

Do 02 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de setembro; catro; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha sobre exp. tarxeta estacionamento; unha, sobre horario apertura ao público instalacións deportivas; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de setembro; once; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; sete, sobre fraccionamento débeda: unha, sobre requirimento; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de setembro; seis; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 09 de setembro; dúas; sobre aboamentos.

Do 10 de setembro; seis; unha, sobre concesión prorroga licenza obra; unha, sobre xubilación forzosa de funcionario; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre concesión vacacións unha, sobre aboamentos.

Do 11 de setembro; cinco; unha, sobre concesión instalación mesa informativa; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de setembro; doce; catro, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre liquid. taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre reduc. xornada laboral; tres, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 13 de setembro, cinco; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obra, unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de setembro; tres; unha, sobre nomeamento tribunal baremación méritos; unha, sobre ocupación via pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 17 de setembro; tres; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 18 de setembro; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións.

Do 19 de setembro; tres; unha, sobre contratación persoal Conservatorio; unha, sobre exped. tarxeta estacionamento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 20 de setembro; catro, sobre concesión vacacións.

Do 23 de setembro; dúas; unha sobre requirimento; unha, sobre concesión vacacións.

Do 24 de setembro, unha, sobre concesión vacacións.

3. INICIO DE EXPEDIENTE PARA DETERMINAR A FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Considerando que con data de 30 de xullo de 1997 o concello de Ribadavia formalizou a concesión administrativa da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da Estación Depuradora de Augas Residuais.

Dito contrato rixese polo Prego de condicións económico administrativas que rexeran no concurso por procedemento aberto para a concesión da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga , saneamento e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Ribadavia ,aprobadas polo Pleno deste concello con data 28.12.1995 que no seu artigo 2 dispón:

2ª Duración do contrato.

A duración do contrato será de Vinte (20) anos , contados a partir do comezo do mesmo, prorrogables por períodos de Cinco (5) anos, ata o máximo legal de Cincuenta (50) anos , salvo interese expreso polo concello contratante, notificada alomenos Un (1) ano antes do seu vencemento.

En todo caso, chegado o vencemento do contrato, ou dalgunha das súas prorrogas a administración municipal poderá dispoñela prórroga obrigatoria do mesmo ata un máximo de seis (6) anos.

Con data de 30 de xuño de 2016 o pleno do concello adoptou acordo que na súa parte dispositiva resolve:

PRIMEIRO.- Declarar a prórroga obrigatoria do contrato, todo elo de acordo coa cláusula 2ª do Prego no Prego de Condicións aprobado polo Pleno do Concello con data 28.12.1995, fixándose como data de remate da concesión o vindeiro 30.07.2017, prorrogándose automaticamente ata un máximo de SEIS (6) ANOS, e en todo caso ata que o Concello acorde o modelo de xestión para a prestación do referido servizo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a empresa F.C.C.-Aqualia, concesionario do Servizo municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Ribadavia, os efectos oportunos".

Visto o informe de secretaría de data 4 de xullo de 2019 no que se indica:

“O acordo do pleno do concello de data 30 de xuño de 2016 , por unha banda , outorga unha prórroga por seis anos ata o 30.07.2023 e , por outra banda, permite ao concello extinguir o contrato adoptando o acordo determinando o modelo de xestión do servizo público consonte ao previsto no artigo 85 da Lei Reguladora de Bases de Réxime local.

Dita cláusula constitúe unha condición resolutoria.

No momento en que o Pleno adopte o acordo determinando o modo de xestión do servizo de saneamento, abastecemento e depuración de augas residuais e se notifique o acordo á empresa concesionaria se produce a extinción da actual concesión do servizo de abastecemento, saneamento e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Ribadavia.

Neste aspecto cumpre reseñar unha circunstancia importante, en caso de que o modelo de xestión polo que opte o pleno, previa a tramitación do preceptivo expediente, sexa o de xestión indirecta, en base ao artigo 288 a) da vixente Lei 9/2017 de contratos do sector público, o actual contratista debe seguir prestando o servizo ata que se formalice o contrato co novo contratista; pero , en caso de que o pleno acorde adoptar o modo de xestión directa, dado o principio de continuidade de prestación do servizo , os cidadáns non poden verse privados dun servizo obligatorio e esencial para a vida, o contrato non se podería extinguir ata que estivese plenamente garantido que o concello é quen de prestar o servizo polos seus propios medios(xestión directa).”

Visto o artigo 85 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local :

- 1.-Son servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias.
2. Os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse da forma máis sustentable e eficiente de entre as enumeradas a continuación:

A) Xestión directa:

- a) Xestión pola propia Entidade Local.
- b) Organismo autónomo local.
- c) Entidade pública empresarial local.
- d) Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.

Só poderá facerse uso das formas previstas nas letras c) e d) cando quede acreditado mediante memoria xustificativa elaborada para o efecto que resultan máis sustentables e eficientes que as formas dispostas nas letras a) e b), para o que se deberán ter en conta os criterios de rendibilidade económica

e recuperación do investimento. Ademais, deberá constar no expediente a memoria xustificativa do asesoramento recibido que se elevará ao Pleno para a súa aprobación onde se incluírán os informes sobre o custo do servizo, así como, o apoio técnico recibido, que deberán ser publicitados. Para estes efectos, solicitarase informe do interventor local quen valorará a sustentabilidade financeira das propostas expostas, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

B) Xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A forma de xestión pola que se opte deberá ter en conta o disposto no artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Lei 7/2007, do 12 de abril, no que respecta ao exercicio de funcións que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos.

Considerando que de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da vixente LCSP os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse , en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída su modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Na Lei 13/1995 de Contratos das Administracións Públicas no seu artigo 165 se establecía que:

“ 1 Cando finalice o prazo contractual o servizo revertirá á administración debendo o contratista entregar as obras e instalacións a que esté obrigado con arreglo ao contrato e en estado de conservación e funcionamento acaídos.

2 Durante un período prudencial anterior á reversión ,que deberá fixarse no prego, o órgano competente da Administración adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións conveniadas”

O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais no seu artigo 131 dispón:

1 O prego de condicións detallará a situación e o estado de conservación en que terán que atoparse as obras e material afectos á concesión no momento de reversión da mesma.

2 Con anterioridade á esta , no prazo que sinalare o prego de condicións e , en todo caso, como mínimo , no dun mes por cada ano de duración da concesión , a xestión do servizo regularase do modo seguinte :

1ª A corporación designará un interventor técnico da empresa concesionaria, o cal vixiará a conservación das obras e do material e informará á Corporación sobre as reparacións e reposicións necesarias para mantelos nas condicións previstas.”

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Iniciar expediente para determinar a forma de xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da Estación Depuradora de Augas Residuais de Ribadavia nos termos previstos no artigo 85 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

SEGUNDO: Que se elabore unha memoria xustificativa que explicita os custes reais directos e indirectos e demais previsións necesarias para o mantemento do servizo en réxime de xestión directa e indirecta, e precise a opción máis sustentable e eficiente.

TERCERO:Elaborada a antedita memoria xustificativa, recabar informe do Interventor que valorará a sustentabilidade financeira da xestión polo concello do servizo en réxime de xestión directa e indirecta , consonte ao previsto no artigo 4 da Lei Organica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

CARTO: Habilitar ao alcalde presidente para a designación dun técnico coa capacitación profesional acaída , que comprobe o estado das obras,infraestruturas e material afecto á concesión e indique, no seu caso, as reparacións e reposición necesarias para mantelos nas condicións acaídas.

QUINTO: Requerir á empresa concesionaria Aqualia para que presente unha relación individualizada e valorada de todas as instalacións, obras e materiais afectos á prestación do servizo que non figurasen no Anexo III do Prego de Condicións.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).-Boa tarde a todos e todas. Na comisión informativa preguntei e se dixo que o goberno tiña preferencia pola xestión indirecta. O noso grupo sempre abogou pola directa. Entendemos que faltan explicacións pola avaría. Non concordamos coa lei que se cita na proposta que é de 2012 cando o PP tiña maioría absoluta. O técnico que faga a memoria económica poñera o que se lle diga. Nos gustaría ver os informes que se van a presentar.

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- Boa tarde a todos e todas. Esta é unha cuestión que se puido facer na anterior lexislatura, se concedeu unha prórroga á empresa , que non contou co noso voto. Estou de acordo cos argumentos da concelleira do BNG e os suscribo. A lei está feita para facilitar a xestión directa. Hai exemplos de moi bo funcionamento e bos resultados económicos coa xestión directa, como

Valladolid. Eiquí dous días sen auga, a xestión é de Aqualia, e a responsabilidade municipal, do concello. En Valladolid no segundo ano de xestión directa, houbo 13,3 millóns de beneficio. Para Ribeiro en Común a auga é un servizo elemental, se veu estes dous días. Os servizos básicos se deben xestionar directamente.

Teo municipalizou o servizo en 2015, con moitos beneficios para a infraestrutura municipal. Espero un informe técnico sobre a causa da avaría. Defendemos que o servizo sexa de xestión directa municipal: xestión polo propio concello, organismo autónomo local, entidade pública empresarial local ou sociedade mercantil local, a RBC lle vale calquera de esas. É positivo que os grupos que queremos xestión directa pasaramos de dous a catro concelleiros.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Lle pido ao secretario de que se está aprobando neste punto.

Secretario.- Iniciar o expediente.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Hai que facer este trámite, houbo que facer unha prórroga para que o servizo se prestase. O goberno socialista enmendou moito a situación respecto á empresa, que nin se falaba co concello. Había tres ou catro contenciosos. A xestión é satisfactoria ao marxe de algunha incidencia como a de hoxe. A boa xestión é a que se fai ben, independentemente de quen faga a xestión. Na Deputación hai un déficit democrático de funcionamento, pero no Consorcio de Valedorras están satisfeitos. Nun concello cativo é inviable a xestión directa, si cabería en mancomunidade ou coa axuda de outros entes.

Cando eramos goberno pedimos que se ofertase a xestión directa se houbera uns números e uns datos que saisen. Demagogia e populismo como se facía en Santiago ou Coruña, non. Valladolid ten 400.000 habitantes.

A maior empresa pública de xestión de auga é o Canal de Isabel II en Madrid, e non é ningún exemplo de boas accións. A empresa pública por sí non garante nada, si a boa xestión que é o que hai que buscar en Ribadavia. Con tres mil aboados nun día de avaría se gasta o que se aforrou en cinco ou seis anos. Hai que buscar a forma de facelo ben. O prezo non pode ser unha fórmula polinómica en que o concello non sabe que recibe. Se hai que reinvertir se reinverte. A rede municipal o 70% está ben. Non vou facer demagogia cun accidente ou unha avaría. Libreme Deus se isto pasase sendo eu alcalde. Se se necesita a nosa pequena experiencia está a disposición, polo ben dos veciños.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Este acordo é un trámite administrativo que hai que facer para iniciar o expediente, non se está debatindo o modelo de xestión.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Non se pode obviar que parte do que se paga na factura da auga vai á Xunta de Galicia polo canon de augas de Galicia. Que revierta aos concellos.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Hai que ter humildade para dirixirse ao pleno. Nos sabemos leer a proposta de acordo. RBC fala do que considera oportuno. Se inicia o expediente, pero RBC volve a reiterar a proposta que fixo na anterior legislatura neste tema. Quen está nas redes e eiquí a boicotear, difamar e insultar

non cabe chegar a acordos con él. Entendemos que o goberno ten vontade de diálogo. Nos enmendam a totalidade que un concello cativo non poda optar pola xestión directa, hai moitos exemplos. Aceptamos calquera das catro modalidades de xestión directa, incluso modelos de xestión mixta; unha proba máis de que RBC está para chegar a acordos.

Frente a iso hai un posicionamento aberto ou ben manter a boca calada para que o servizo non sexa público.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Eu no PSOE coñecín xente que non sabía leer e lles decía aos fillos que leran e tiñan máis educación que outra xente que sabía leer. Hai xente que lee moitos libros e non ten educación.

O modelo de xestión xa se abordará, podemos aportar a nosa experiencia. A xestión sempre a controla o concello, o control sempre existe, outra cousa é a cuestión técnica. As empresas non son o demo, o demo son os que utilizan ás empresas ou o público para encher os bolsillos. A xestión da empresa sempre é mellorable, pero levan traballando dous días arreo para resolver o problema.

Nos vemos cuestións mellorables ante este acontecemento, o alcalde ten que suspender o que está facendo cando o pobo se queda sen auga, e informar aos grupos políticos para que estes informen aos veciños, como pasou co tema da turbidez. Nos esperamos que se restablezca o servizo, non imos a utilizar isto politicamente.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Nos imos votar a favor.

Alcalde.- Acepto as críticas, a situación pillou de sorpresa, unha avaría así non se pode prever. Eu estaba no Parlamento no debate de Autonomía. Intentaremos responder de outro xeito noutra ocasión. Se traballa sen pausa para repoñer o servizo. A avaría é de gran magnitude. Se intentará repoñer o servizo cara as dez, ven unha gran peza traída dende Monforte. A empresa dí que unha avaría de esta envergadura é a primeira en vinte e cinco anos. Xa se pediu un informe á empresa concesionaria. A situación se complicou pola tarde, somos conscientes de que a titularidade do servizo é municipal. Se adoptarán medidas paliativas se non se pode restablecer o servizo.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- ¿ Sábese a causa da avaría?

Alcalde.- O que nos explican , dito coloquialmente, é que a construción inicial da tubaxe ía sobre a pedra, e reventou a tubaxe. Está moi tensionada. Rompeu por primeira vez. Se abriu unha zanxa grande para evitar a tensión. Onte se picou a pedra, hai un problema na construción inicial.

D Miguel García Domínguez (PP).- A avaría é de gran magnitude. Se colocaron luminarias para traballar ata as tres da mañá. Se abriron todos os puntos de purga.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado; votos a prol PP (5), abstención PSOE (4), RBC (3) e BNG (1), fica aprobada.

4. EXPEDIENTE 3/2019 DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO PRESENTE EXERCICIO.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.2/2018, na modalidade de crédito extraordinario, e suplemento de crédito, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

1º Créditos extraordinarios (Partidas non existentes no Orzamento)

PARTIDA	CONSIGNACIÓN	AUMENTO	TOTAL	FINS
ORZAMENTARIA	ANTERIOR	SE PROPÓN		
323.451.00	35.000	35.000	70.000	Actuación funcionamento Escola Infantil Galiña Azul
165.21900	50.000	40.000	90.000	Gastos de conservación, reparación de alumeadado público e instalacións eléctricas municipais
1532.61900	6.000	44.024,76	50.024,76	Actuacións beirarrúas de Francelos

IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN 119.024,76

2º.- FINANCIAMIENTO

PARTIDAS A MINORAR

Partida orzamentaria	Consignación anterior	Disminución que que se prop.	Total	
12004.932	7.632,12	3.816,06	3.667,82	(1)
12101.932	14.437,08	2.229,66	11.733,47	(2)
12009.932	7.471,56	3.638,21	3.735,78	(3)
16000.221	520.792,27	17.583,25	473.728,69	(4)
12100.932	15.163,18	7.581,84	7.287,45	(5)
133.12003	82.532,52	27.510,84	55.021,68	(6)
133.12006	17.151,25	5.303,26	11.847,99	(7)
133.12009	30.590,06	10.024,95	20.565,11	(8)

133.12100	50.401,44	16.800,48	33.600,96	(9)
133.12101	43.177,68	13.320	29.857,68	(10)
12000.932	14.124,96	6.129,76	7.995,2	(11)
Total diminución que se propón-----			119.024,76	

(1)Retribución Básica (Sueldo Base) da praza vacante de Auxiliar Recadación , 6 meses de dotación orzamentaria.

(2) Retribución Complementaria (Complemento Específico) da praza vacante de Auxiliar Recadación 6 meses de dotación orzamentaria.

(3)Retribución Básica (Paga Extraordinaria) da praza vacante de Interventor e da praza de Auxiliar Recadación, correspondente a un mes de dotación orzamentaria.

(4) Seguridade Social a cargo da empresa das prazas vacantes existentes no orzamento municipal.

(5) Retribución Complementaria (Complemento Destino) da praza vacante de Auxiliar Recadación, 6 meses de dotación orzamentaria e retribucion Complementaria (Complemento de Destino) da praza vacante de Interventor, 6 meses de dotación orzamentaria).

(6) Retribución Básica (Sueldo Base), de prazas vacantes da Policía Local, 6 meses.

(7) Trienios, de prazas vacantes da Policía Local, 6 meses.

(8) Paga extraordinaria de prazas vacantes da Policía Local, 6 meses.

(9) Retribucións complementarias (complemento de destino) de prazas vacantes da Policía Local, 6 meses.

(10) Retribucións complementarias (complemento específico) de prazas vacantes da Policía Local, 6 meses.

(11) Retribucións básicas (Salario Base), da praza vacante de Interventor.

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, PP , reservanse para o Pleno RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O noso grupo xa advertiu que se ían a ter que modificar os orzamentos. É un importe moi elevado. A débeda da Galiña Azul ven de antes, amosa o fracaso de acabar coas galescolas. O tema do suministro é culpa do goberno anterior. O das beirarrúas me parece un importe demasiado elevado, é necesario para acabar a actuación.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Con data de 23 de setembro presentamos un escrito pedindo un informe de secretaría e de intervención. Recordo que na administración se aconsella que antes de facer un recoñecemento de débeda hai que cumprir estes trámites. O noso grupo non recibiu nada. De acordo co que dixo o BNG que xa se sabía que os orzamentos ían a requirir modificacións.¿ Cantos anos se van a pagar da Galiña Azul? Se debe 2017 e 2018?

Alcalde.- Se deben 2017 e 2018. Se vai a pagar 2017 e o ano en curso.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta débeda é do concello, de todos non do goberno.É de obrigado cumprimento que se envíen os informes aos

grupos. Nas beirarrúas antes de pagar, fai falta un informe sobre a lexitimidade da débeda. Pedimos tratar os tres puntos por separado. ¿ Cal é o motivo de que a obra se parase en maio e non se reanudou? Non me vale a excusa de que o orzamento entrou en vigor o 29 de agosto. Descoñezo se os 6000 euros é unha cantidade real para rematar a obra. No suministro de materiais de ferretería o contrato de case 50.000 euros, estaba esgotado antes das eleccións. No tema da Galiña Azul e do Consorcio , saldada a débeda, hai que debatir a forma de xestión, se a Consellería non fai melloras no centro.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- O ideal nunha administración e ter débeda cero e facer todo o que piden os grupos : beirarrúas, farolas, etcétera... Eso ten difícil encaixe con 5000 veciños que pagan impostos e os gastos son superiores aos ingresos. Como non vivimos nun mundo ideal os que temos experiencia de xestión detrás, temos memoria de cal é a débeda actual do concello. Estivemos no 130% , o noso grupo a rebaixou ata o 80%. Despois de deixar 500.000 euros en caixa, estaría ben que non se pagaran unhas beirarrúas de 40.000 euros que ahí están. Pregunten a calquera alcalde. Hai datos contra a demagogia. No ano 2012 afrontamos 2.247.285 euros de débeda e pagamos a todos os provedores, incluso a empresas xa desaparecidas. Eu fun ao xulgado a responder de estas cuestións que viñan de moitos anos atrás, antes se pedían cousas que non se necesitaban.

No tema da Galiña Azul, eu fun a moitas reunións ao consorcio ; é un atraco. Tiñamos pensado recurrir como en Vigo. O Presidente da Xunta díxo que as garderías ían a pasar a ser gratis e nos temos que pagar 100.000 euros. Vigo ten recorrida esta situación , se participa dos gastos e non da xestión. Non estou de acordo en pagar esas cousas,pero hai que pagar, se pode recurrir. A responsabilidade do goberno é decidir se quere pagar, non sempre hai que obedecer a outras administracións. O ano que ven haberá que abordar como pagar ás limpiadoras dos colexios. A xestión da Galiña Azul non é de titularidade do concello.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Cando presentamos os orzamentos xa se preveían modificacións. Na Galiña Azul xa nos gustaría non pagar, pero retendrían os fondos do concello. Se levou a cabo unha negociación e se conqueu pagar o ano 2017 e o actual e o ano 2018 e o 2020. A intención é acabar a obra das beirarrúas ,non sabemos porque se parou. O contrato de material eléctrico se volverá a licitar, de mellor maneira.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Facer un inciso, hai vinte catro puntos e o pleno ten que rematar ás doce; insistir na brevidade.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O noso grupo se axusta aos tempos de cinco minutos, algún falou nove minutos; que o presidente oblige aos grupos a axustarse. Algúns ten arrogancia e pouca humildade, os cidadans puxeron a cada un no seu sitio. Hai un problema de bloqueo constante. Estou orgulloso de que Anova me invitara ao debate sobre a autonomía, e estou orgulloso de estar a lado de Beiras. Non admito os insultos de demagogia e victimismo. O sinto por algún se o seu partido non lle invito a ese debate. Non vale alegar polo que foi alcalde que non quere pagar pero hai que pagar. ¿ Por qué non se recurriu nos tres últimos anos? O contrato de suministro eléctrico si se pode rescindir. A cuestión é se se van a repartir os 40.000 euros entre todas as ferreterías que lles interese ou vai a ir todo a mesma empresa de sempre.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Pido que se regule o tempo de intervención, algún interven ata trinta minutos. Noutras Administracións se regulan o número de mocións para que os veciños non teñan que soportar as arrogancias de algún. Preguntolle ao señor interventor cantas empresas se presentaron e que tipo de procedemento se seguiu na contratación do suministro de material eléctrico.

Interventor.- Se presentou unha empresa e foi un procedemento aberto.
D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- A mellor fórmula para que non te reteñan fondos é pagar todo. Lle pregunto ao interventor cantos concellos no tema da Galiña Azul ten débedas de máis de un millón de euros.

Interventor.- Moitos.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Cando non se participa na xestión non se pode estar de acordo en pagar. Non se recurriu porque se estaban buscando fórmulas de solución a través da Fegamp.

Alcalde.- Eu estou disposto a regular os tempos de intervención e o número de mocións a presentar. Houbo un acordo no ano 2017 entre a Fegamp e a Consellería que fixa a cantidade a pagar por alumno, se non se paga reten os fondos de participación. Nos estamos traballando para pagar seguindo os consellos que dan os técnicos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PP (5), PSOE (4), abstención RBC (3) BNG (1) , fica aprobada.

5. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DA AULA MUNICIPAL DE TEATRO DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

A Comisión de Cultura, Enoturismo e Termalismo na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO.-Aprobar con carácter inicial o REGULAMENTO DA AULA MUNICIPAL DE TEATRO DO CONCELLO DE RIBADAVIA nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO:- Expor a información pública o mesmo, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que serán resoltas polo pleno, De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo , consideraranse aprobados definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Alcalde.- Propoño que o debate do Regulamento e da Ordenanza Fiscal da Aula de Teatro sexa conxunto.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Nos no debate nos ceñimos ao

punto que se trata e somos concretos. Temos a proposta de regulamento, faltounos que se falara cos grupos antes de presentar o regulamento e as taxas. Non sabemos como accedeu a praza a persoa que va a impartir os cursos. Non coñecemos os principios didácticos. Botamos en falta saber moitas cousas sobre organización, profesorado. Non hai xustificación dos prezos , pedimos unha aclaración.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- En Ribadavia o teatro é fundamental, forma parte da nosa propia esencia. Por tanto , é axeitado que haxa unha aula municipal de teatro. Foi unha proposta de unha persoa na lexislatura anterior. Falamos de este tema coa xente do teatro de Ribadavia. O prazo que se indica na proposta de setembro non ten sentido para este ano. Nas bonificacións se teña que ter en conta aos desempregados de longa duración e xubilados.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- A anterior concelleira de Cultura traballou moito para chegar onde estamos. O grupo socialista foi o que incorporou a partida nos orzamentos. O regulamento básicamente nos parece ben. O prezo público é susceptible de ser mellorado. Hai unha cousa que nos chama a atención, se decía que nos non faciamos cultura para todos, que non nos integrábamós na Rede da Deputación. Sorprende que dende o grupo de goberno se faga unha programación cultural , cunha xestión privada, feita por unha empresa ,que é a que fixa os prezos. Antes había dous grupos que decían todo o contrario. Esperemos que chegue a todo o mundo e que nos expliquen se o concello pón cartos ou non. Nos cobrando tiñamos espectáculos todos os días.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Estamos levando a cabo unha moción presentada polo PP e aprobada no pleno de xuño de 2018. Era unha proposta que ía no noso programa electoral. Ante as dúbidas hai plena disposición a unha reunión coa persoa que leva o tema e a concelleira de cultura. Os prezos están consensuadas , mesmo a persoa ofreceu clases gratis para a nenos ou persoas maiores que non pudieran pagar.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O noso grupo está a favor de crear e financiar a Aula de Teatro. Ninguén me contestou como chegou a persoa que imparte os cursos, por concurso, se presentou ela..

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- algún debeu quedar traumatizado os catro anos pasados. O noso grupo falou con persoas que se adican ao teatro, esta persoa ofertou o servizo xa na anterior lexislatura. Na taxa o noso grupo presentou unha emenda, as taxas son asumibles, deberían ser progresivas, nos imos a abster.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- O gran problema dos traumas é cando veñen da infancia, é moi difícil superalos. Pode haber malos en tendidos se non se cobra. Para iso están os servizos sociais. O PP non levaba esta cuestión no orzamento, foi o noso grupo o que a incorporou, senón non se podería facer. Cando se dice que a Galiña Azul non se pagou nos anos 2017 e 2018 , tamén hai que lembrar que non aprobou o orzamento eses anos.

Alcalde.- Creo que todos estamos de acordo, contentos de que se poña en funcionamento. Esta aula vai a estar xestionada por unha veciña de Ribadavia, unha traballadora autónoma que celebra un contrato de servizo co concello. Hai unha proposta técnica que recolle a cuestión didáctica.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

6. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLAS ENSINANZAS NA AULA MUNICIPAL DE TEATRO DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promocion Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO.-Aprobar con carácter inicial o establecemento de prezo público e a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ENSINANZAS NA AULA MUNICIPAL DE TEATRO DO CONCELLO DE RIBADAVIA nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO.- Expor a información pública o mesmo, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que serán resoltas polo pleno, De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo , consideraranse aprobados definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, PSOE , reservanse para o Pleno , RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

Ribeiro en Común presentou unha emenda solicitando bonificacións para persoas xubiladas e parados de longa duración , que non foi aceptada.

Sometido a votación o ditame obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5) , PSOE (4) , abstención RBC (3) , BNG (1) , fica aprobada.

7.-APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promocion Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola subministración de auga coa redacción que consta no expediente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza no portal web do Concello *ribadavia.es* co obxecto de dar audiencia aos cidadáns interesados.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).-Parece ser que simplemente se trata dun cambio de nome, insisto en que se preste moita atención aos verquidos incontrolados.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Nos imos a abster.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Simplemente é un cambio de nome.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP(5) , abstención PSOE (4), RBC (3) , BNG (1) ; fica aprobada.

7.- APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO DE SUMIDOIROS.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promocion Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario para servizos de sumidoiro coa redacción que consta no expediente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza no portal web do Concello *ribadavia.es* co obxecto de dar audiencia aos cidadáns interesados.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP(5) , abstención PSOE (4), RBC (3) , BNG (1) ; fica aprobada.

8- APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO DE VERQUIDOS.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario para servizo municipal de vertidos de calquera clase coa redacción que consta no expediente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza no portal web do Concello *ribadavia.es* co obxecto de dar audiencia aos cidadáns interesados.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP(5) , abstención PSOE (4), RBC (3) , BNG (1) ; fica aprobada.

9.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA SUBSTITÚA O ACTUAL CONTRATO DE SUBMINISTRO ELÉCTRICO CON CRÉDITO ESGOTADO POR UN CONTRATO CON TODAS AS FERRETERÍAS DO MUNICIPIO DE RIVADAVIA QUE TEÑAN INTERESE E DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promocion Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Moción de Ribeiro en Común para que o concello de Ribadavia substitúa o actual contrato de subministro eléctrico con crédito esgotado por contratos con todas as ferreterías do municipio de Ribadavia que teñan interese e de acordo á normativa vixente.

Exposición de Motivos

O Contrato polo cal se compra todo o material eléctrico do Concello está co crédito esgotado. A súa base de licitación é de 50.000 euros e a súa duración estaba fixada do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019.

O actual goberno local propón unha ampliación de 40.000 euros aos 50.000 euros do contrato xa gastados (52.029,59 euros na altura do mes de agosto) xa gastados entre xaneiro e xuño deste ano.

Ao grupo municipal de Ribeiro en Común non lle parece de recibo que unha partida anual se gastara en tan só medio ano, xa que estas partidas en anos anteriores duraban un exercicio enteiro. Cremos que non é coincidencia que xusto se gastou nos meses previos ás eleccións municipais.

Así, por exemplo este mesmo contrato, de gastos de subministro eléctrico e ferretería, no exercicio 2018 foi de 54.215, 24 euros.

Ribeiro en Común, e tras consulta con técnicos municipais que o avalan, reclama que esta modificación sexa para a convocatoria dun novo concurso, xa que a partida do contrato de subministros asinado coa empresa AOPIL está esgotada. Por iso pedimos que este concurso se faga aberta a todas as ferreterías do municipio, ou no seu detrimento, se así o decide o goberno local, se realice cando menos de maneira pública e aberta, nunca con un negociado sen publicidade.

A isto hai que engadirlle, que tras o cambio de goberno dita empresa non cumpriu o contrato, na “cláusula de mellora” referido á mellora na limpeza e mantemento do alumbeado público, función que non se realizou nestes meses e que esta mesma semana tivo que ser realizada traballadores municipais, cando quen o debía facer era a empresa vinculada por contrato.

Na lexislatura pasada o noso grupo levou a Pleno en varias ocasións Mocións e iniciativas que reclamaban que a compra de subministros se fixera de maneira máis repartida entre todas as ferreterías do municipio, da mesma maneira se fixo reclamando concursos con publicidade e libre concorrência, unha das cales foi no Pleno municipal de xuño do 2018, demandando que se fixera adaptándose á Lei de Contratos do sector público que entrou en vigor en marzo dese mesmo ano.

Sendo consciente o noso grupo que a lexislatura vixente recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos

contratos de subministro e de servizos se o seu valor estimado é igual ou inferior a 100.000 euros, entende que debe buscarse unha repercusión máis equitativa na actividade contractual do Concello de Ribadavia.

Propostas de acordo:

1 Que o concello de Ribadavia e o seu goberno realice un novo contrato de subministrados eléctricos do concello de Ribadavia motivado polo esgotamento da partida recollida en dito contrato, posibilidade que se recollen en dito contrato, e sendo substituído por varios contratos con todas as ferreterías do municipio que manifesten interese, de acordo á Lei de Contratos do sector público que entrou en vigor en marzo de 2018 e á normativa vixente.

2 Que o goberno municipal do concello de Ribadavia de non levar a cabo o punto 1, realice un procedemento aberto e con publicidade de acordo á Lei de Contratos do Sector Público, que entrou en vigor en marzo de 2018 e á normativa vixente.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, , reservanse para o Pleno PP, PSOE, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).-Varios matices. No debate da modificación orzamentaria se dixo que a mesa de contratación non asistiu ningún grupo, o que non é certo.En base ás cantidades do contrato non foi convocado ningún grupo. Hai unha falta de respecto. A nosa compañeira de goberno xa interviño nos plenos máis que outras concelleiras do goberno socialista en catro anos. Este tema nos o levamos no programa e o queremos aplicar.É unha proba de se o goberno quere ser continuista. Moitos establecementos estarían interesados, os prezos se poderían fixar por consenso. Cun prezo máis barato e máis beneficioso para o concello, a un prezo para que poidan traballar todas as ferreterías.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Que se faga unha petición de orzamento a todas as ferreterías locais e se opte pola mellor oferta. E que se atenda a todas as parroquias.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- O noso grupo non vai a debatir con Ribeiro en Común ata que pida desculpas pola denuncia pública que fixo contra o noso portavoz.

Alcalde.- Compre aclarar hai un punto sobre si se saca un procedemento aberto de contratación , ou se fan varios contratos menores con varias ferreterías. Se estaría fraccionando un contrato maior en varios contratos menores, o que é unha ilegalidade según a Lei de Contratos vixente.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Moitas grazas. As propostas de aprobación de esta moción están explicitadas, nos non somos o goberno e non podemos decidir. As opcións son contratos bilaterais coas ferreterías de Ribadavia ou que se aplique a Lei de Contratos.

O que dixo Manuel Vázquez , o portavoz do PSOE, é a desfachatez máxima , pedir desculpas, é un veto aos setecentos votantes de RBC. O líder de ese partido non asume o trauma de ser botado. Ese señor censa a xente sen relación con Ribadavia, ese señor é quen ten que pedir desculpas. A concelleira do PSOE de Beade, fixo unhas calumnias tan graves que tivo que intervir a dirección provincial. Imitar o baltarismo no censo non é progresista.

Alcalde.- Vou a aplicar outro punto do regulamento municipal , que se trate o tema da cuestión.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.-Pido que a xente se ciña ao tema da cuestión.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Non houbo goberno de progreso porque vostede vetou ao candidato do PSOE. Non imos a debatir as mocións que presente Ribeiro en Común.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC) .- Ribeiro en Común leva catro anos e dous meses facendo mocións e traballando. Non imos a asumir atropellos á democracia, como vetar ao portavoz de Ribeiro en Común.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5),RBC (3), BNG , abstención PSOE (4), fica aprobada.

10.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

-Propoñer , como festivos locais para o calendario laboral do ano 2020 , consonte ao disposto no artigo 37.2 do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, os días 25 de febreiro e 8 de setembro .

-Dar traslado do presente acordo á Subdirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- A democracia é para todos, e cada un debate con quen quere e cando quere.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), BNG (1) , abstención PSOE (4), RBC (3), fica aprobada.

11.- MOCIÓN RBC PARA A REFORMA E MELLORA DO PAVILLÓN DE MAQUIANS FAVORECENDO QUE OS EQUIPOS DO NOSO CONCELLO POIDAN ENTRENAR DE FORMA AXEITADA.

A Comisión de Servizos Municipais Medio Rural e Medio Ambiente na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

MOCIÓN DE RIBEIRO EN COMÚN PARA A REFORMA E MELLORA DO PAVILLÓN DE MAQUIÁNS FAVORECENDO QUE OS EQUIPOS DO NOSO CONCELLO POIDAN ENTRENAR DE FORMA AXEITADA.

Exposición de Motivos

O aumento de categorías dos equipos nas distintas disciplinas deportivas no noso concello, coa creación de novos equipos de balonmán, baloncesto e de equipos de fútbol sala feminino, favorece á dinamización deportiva e a pluralidade da oferta que existe no noso concello. Para poder manter esta oferta é preciso que estas disciplinas se poidan practicar en condicións. Actualmente existe unha masificación no Pavillón do Consello á hora de entrenar, o que supón a redución de horarios e a conseguinte perda de calidade dos entrenamentos nos días laborais.

O noso grupo considera que tendo outro pavillón como é o de Maquiáns, compartido co centro de ensino do instituto en horario lectivo, podería utilizarse para reducir a carga de entrenos no Pavillón do Consello e así distribuír dunha maneira máis eficiente as horas de entreno nos días laborais nos que non teñen competición. Debese ter en conta ademais que varias semanas ao ano a pista do Pavillón do Consello non está dispoñible para o seu uso deportivo, por exemplo no mes que dura o nadal.

Recordamos que en xuño do ano 2018 o Consello Municipal de Deportes tivo constancia dun **Informe de Desperfecto do Pavillóns de Maquiáns**, que non foi tido en conta polo Concello a pesar da petición do grupo municipal de Ribeiro en Común. Recordamos:

- “Protocolo de comunicación de danos e arranxos:

1º Aplicar si procede o estipulado no punto terceiro do convenio.

2º Informar as dúas institucións, por escrito, detallando o desperfecto.

3º Avaliación por parte do Concello de Ribadavia do custe da súa reparación.

4º Dar traslado a comisión de seguimento para propór autorización da actuación”.

Por estes motivos o grupo municipal de Ribeiro en Común solicita:

1. **Reparación do pavillón de Maquiáns, xa reclamado polo noso grupo na lexislatura anterior, en base aos informes técnicos do Servizo Municipal de Deportes, que inclúan as reclamacións recollidas en dito informe (reparación dun canalón, interruptores, enchufes, espellos, lousas, inodoros arrincados e rotos, entre outras). Ademais: a mellora de vestiarios para ter un uso correcto e de calidade, entre outras con auga fría- quente. Melloras que deben ser realizadas entre o Concello e a Consellaría de educación como institucións co-participes de dita infraestrutura.**
2. **Reparación e adementamento do exterior deste Pavillón: mellora do terreo da explanada exterior, instalación de luminarias exteriores que posibiliten o seu uso en horario nocturno en portas e laterais, mellora dalgunha pintura.**

3. Arranxo por parte do Concello dun muro de carga medianeiro entre esta instalación pública e unha finca privada afectada. De acordo a norma vixente.
4. Coordinación, comunicación e colaboración constante entre as distintas institucións, centro educativo e concello, para poder levar a cabo as melloras precisas.
5. Control, supervisión, coordinación e coidado desde o Concello con regularidade sobre as instalacións para o seu correcto uso e mantemento, no horario que lle corresponde.

Realización por parte do Concello dun estudo técnico, previo, destinado a ter a posibilidade de levar a cabo no futuro melloras estruturais que permitan que o pavillón de Maquiáns sexa utilizado para o fin para que o foi construído: a realización de actividades deportivas. Nese estudo debe recollese cando menos a posibilidade de adaptar a cancha deportiva ás medidas e proporcións que esixe a competición e os seus regulamentos, tamaño da pista e posibilidade futura de grada para público. Obra futura que poida ser demandada desde o Concello á Consellaría de Educación, institución co-participe en dita infraestrutura

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , reservanse para o Pleno PSOE, PP, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Enrique Rodríguez Alejos (RBC).- O noso grupo ve positivo que haxa máis equipos, pero tamén se ve que o pavillón do Consello masificase. O pavillón de Maquiáns reduciría a carga do outro. Hai un informe de desperfectos dos técnicos. Pedimos unha instalación de luminarias no exterior, queremos un estudio de melloras estruturais para unha adecuación ás necesidades reais.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez(BNG).- Estamos a favor de que se fagan as melloras, faría falla máis persoal no pavillón. Se se puidese ,demandaríamos que se aumentase o persoal. Cando se ten as cousas hai que coidalas.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Os cataláns ten a separación de bens por lei. Neste caso é un matrimonio que non cumpre ao 100% as súas obrigas. A xestión é compartida, eu penso que os traballadores do concello o fan ben. Cando o concello non controla é cando aparecen os desperfectos. A Consellería de Educación lle fixo un regalo envenenado ao concello. Pedimos que o alcalde medie ante a Consellería , iso é o fundamental.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Os responsables da Consellería de Educación nunha reunión co alcalde se comprometeron a levantar o muro.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Vou a complementar a intervención do meu compañeiro. Foi un erro aceptar a cesión do pavillón nesas condicións. Nos agora non podemos prescindir do pavillón. É unha obriga do concello, o director do centro quería unha mellora substancial, o goberno anterior non quiso acometer esas melloras. Hai que recoñecer que o anterior goberno intentou mellorar as canalizacións.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

12.- MOCIÓN BNG A PROL DA CREACIÓN DUN ESPAZO CANINO EN RIBADAVIA.

A Comisión de Servizos Municipais Medio Rural e Medio Ambiente na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de motivos

Nos últimos anos están a proliferar os parques de esparcemento caninos, co fin de intentar satisfacer as necesidades de veciños e donos de cans, propiciando a convivencia entre mascotas e poboación en xeral nos espazos públicos. Son a cada paso máis os concellos que habilitan áreas nas que as mascotas poden permanecer soltas sen risco de sancións para os seus donos e sen perturbar ao resto da cidadanía.

Consideramos que a zona máis propicia do noso concello para a instalación desta área é o parque da Veronza, próximo a unha das zonas máis poboadas do noso concello e que conta con numerosos usuarios que atoparían así un servizo máis para facer uso desta zona recreativa, contribuíndose así a abrir máis Ribadavia aos seus ríos e zonas verdes. Tamén na Veronza, polas súas dimensións é factible acotar un espazo suficientemente amplo para as numerosas mascotas existentes no concello.

Asemade, consideramos que se trata de instalacións sinxelas e económicas tanto na súa construción como no seu mantemento, que contribúen tamen a manter a limpeza das nosas rúas e espazos públicos. De tal maneira que debería ser un primeiro paso para habilitar máis espazos caninos noutras zonas verdes do noso concello.

Por todo elo, o grupo municipal do BNG propón ao pleno do concello de Ribadavia a adopción dos seguintes acordos:

- 1 Instar ao concello de Ribadavia a habilitar na área recreativa da Veronza un espazo canino suficientemente amplo e dotado .
- 2 Instar ao concello de Ribadavia a estudar outras posibles ubicacións de espazos caninos a crear nun futuro en diferentes zonas do noso concello.
- 3 Instar á Corporación Municipal de Ribadavia a aprobar unha ordenanza de protección e tenencia de animais domésticos que regule a convivencia das mascotas nos espazos públicos e recolla as condicións de utilización do espazo canino.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol, BNG, reservanse para o Pleno PP, RBC, PSOE; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Propoñemos o lugar de A Veronza, sería unha instalación sinxela e económica. Sería unha zona verde, o mantemento non sería complicado. Se pode pensar en outros posibles espazos.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Nos gusta a ubicación, melloraría a calidade de vida. Habería que recoller os excrementos nos espazos públicos e espazos privados de uso común. Que se creen outros espazos e que se redacte unha ordenanza.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Prácticamente xa estaba feito, se falou coa Deputación para a zona de A Veronza. Hai un informe da Confederación que denega ese emprazamento. Se fará preto do campo de fútbol novo, vai a chegar un informe favorable da Deputación. Discrepo en que iso vai a eliminar os excrementos.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PSOE).- En principio vaise a facer. Botase a falta de outro preto do casco urbano.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Trátase de facer un espazo sinxelo, non vai a solucionar os problemas, pero por algo se empeza.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Estamos de acordo.

Sometida a votación a proposta , fica aprobada por unanimidade.

13.-MOCIÓN RBC PARA QUE SE REALICE O PLAN DE ACTUACIÓN DE CONTROL DE COLONIAS DE GATOS NAS RÚAS E MELLORA DAS CASETAS INSTALADAS, GARANTINDO A SÚA PROTECCIÓN E RESPECTO.

A Comisión de Servizos Municipais Medio Rural e Medio Ambiente na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

MOCIÓN DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE SE REALICE O PLAN DE ACTUACIÓN DE CONTROL DE COLONIAS DE GATOS NAS RÚAS E A MELLORA DAS CASETAS INSTALADAS, GARANTINDO A SÚA PROTECCIÓN E RESPECTO.

Que de maneira urxente , o concello leve a cabo o arranxo de deficiencias das casetas de alimentación, antes de que remate a época estival , por presentaren filtracións e outros desperfectos que complicarán moito o seu uso durante o outono e o inverno.

Que se leve a cabo a castración, marcaxe e desparatisación externa e interna, por parte do concello.

Que se contacte co asociacionismo veciñal ata agora implicado co control e coidado das colonias de gatos, para buscar a colaboración e acadar os mellores resultados.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, , reservanse para o Pleno PSOE, PP, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Unha moción sobre ter colonias felinas xa foi aprobada. Recae sobre unha asociación a responsabilidade do mantemento das casetas. A Lei de protección animal atribúe aos concellos a responsabilidade sobre as colonias felinas.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O control e protección das casetas é case imposible. É unha cuestión de civismo. A castración sería a única maneira de control. Que o concello se implique, pode pedir a colaboración das tres clínicas veterinarias existentes.

D Manuel Vázquez López.- O anterior goberno foi o artífice de que se levara a cabo a instalación das casetas.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Imos votar a favor, é unha medida acertada.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Estaría ben buscar colaboración, as casiñas instaladas xa están deterioradas e é a asociación a que corre con todos os gastos.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

14.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA IMPULSE UNHA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AO COLEXIO DA ALAMEDA, E UNHA EDUCACIÓN PÚBLICA DE CALIDADE PARA TODOS OS CENTROS EDUCATIVOS DE RIBADAVIA.

a Comisión de Servizos Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente na súa sesión de 18 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

MOCIÓN DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA IMPULSE UNHA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AO COLEXIO DA ALAMEDA, E UNHA EDUCACIÓN PÚBLICA DE CALIDADE PARA TODOS OS CENTROS EDUCATIVOS DE RIBADAVIA.

Exposición de Motivos

Ribeiro en Común impulsa unha Declaración institucional do Concello de Ribadavia, e de todos os grupos municipais, de apoio ao Colexio da Alameda do CEIP Plurilingüe Ribadavia.

Rexeitamos o recorte que a Consellaría de Educación ven de facer no Colexio CEIP Ribadavia coa eliminación dunha aula no centro da Alameda. A consecuencia máis inmediata foi que pais e nais tiveron que buscarse alternativas fora deste centro, e por conseguinte o centro foi aínda reducíndose máis. Unha clara estratexia que semella camiñar cara o baleirado do Colexio da Alameda por parte da Consellaría de Educación que non pode ter a complicidade do Concello de Ribadavia nin de ningún dos seus representantes.

Non compartimos o silencio que mantivo o Alcalde de Ribadavia a pesar de que dous grupos municipais, tanto BNG de Ribadavia como Ribeiro en Común, demandaron no mes de xullo unha defensa por parte do Concello en manter esta aula. O actual Alcalde preferiu gardar silencio diante dos seus xefes de partido, amparándose na legalidade, no lugar de defender á súa veciñanza e un ensino de calidade para os nosos nenos e nenas.

Por todo isto, o grupo municipal de Ribeiro en Común volve reclamar, con esta Moción, que desde o Concello de Ribadavia se reclame e reivindique de maneira unánime de todos os

grupos a defensa do mantemento dun modelo de educación de calidade para o noso Colexio da Alameda de Ribadavia, que neste curso como consecuencia deste recorte e da reacción de nais e pais en defensa dunha calidade educativa para os seus fillos e fillas, temos como resultado a baixada de matrículas importante neste momento, pois os pais e nais buscan outras alternativas que eviten a baixada de calidade no ensino.

Rexeitamos o recorte dunha aula de Educación Infantil en Ribadavia, e rexeitamos futuros recortes que se poidan dar no Colexio da Alameda.

Recordamos que a Xunta de Galicia anunciou coa publicación o 29 de xullo, no Diario Oficial de Galicia (DOG) o recorte e eliminación dunha Aula de educación infantil no Colexio da Alameda de Ribadavia, ten como consecuencia que coa redución da aula pérdese un profesor/a/ titor/a desa aula e un profesor/a de apoio. Ribeiro en Común volve reclamar que o Concello de Ribadavia reivindique o mantemento desta aula, así como a defensa dun criterio de educación pública de calidade que o posibilite.

As medidas impostas pola Consellaría de Educación no noso Colexio son a de recortar recursos materiais e humanos, análogas a do resto do País, e que sen embargo as autoridades educativas permítense o luxo de falar de políticas educativas de “innovación e implementación de novos métodos para unha aprendizaxe efectiva e saudable”, un cinismo que só agocha unha estratexia de reforzar a educación privada ou concertada que pretende lanzar unha mensaxe clara á cidadanía: se queres calidade terás que pagar.

- **Que o Concello de Ribadavia impulse unha Declaración Institucional de apoio ao Colexio da Alameda do CEIP Ribadavia, fronte ao recortes e ratios antipedagóxicas que impoñen desde a Consellaría de Educación.**
- **Que o Concello de Ribadavia reclame e reivindique a defensa dun criterio de educación pública de calidade para todos os centros educativos do noso municipio: Colexio da Alameda, CEIP RIBADAVIA e CRA AMENCER.**
- **Que o Concello de Ribadavia reclame que se volva a unha situación no sistema educativo galego aplicables no Colexio da Alameda, CRA AMENCER e CEIP RIBADAVIA, que pase por:**
 - **Unha ratio favorable á un proxecto educativo de calidade, sobre todo en idades de infantil, e reformar ás ratios que nos impoñen, que a pesar de ser legal vai contra os criterios básicos dunha educación de calidade.**
 - **Unha metodoloxía educativa na etapa infantil con un proxecto baseado en: previr conflitos en idade escolar e a convivencia escolar do futuro, un proxecto baseado en traballo por proxectos, flexibles e menos ríxidos, seguindo o ritmo que o neno e a nena necesita en cada momento. Un traballo fundamental na etapa infantil que coas ratios e recortes que aplica a Xunta non son posibles en numerosos casos de**

desenvolver na práctica.

- **Que o Concello de Ribadavia reclame volver a niveis de calidade na etapa de infantil dos Colexios Públicos de Ribadavia.**
- **Que o Concello de Ribadavia defenda o noso sistema educativo, rexeitando futuros recortes como o acontecido neste inicio de curso coa eliminación dunha aula de infantil no Colexio da Alameda, e se faga unha Declaración de defensa de todos os centros existentes CRA AMENCER de San Paio, San Cristovo e Francelos, Colexio da Alameda e CEIP Plurilingüe de RIBADAVIA.**
- **Que a Declaración institucional así como as demais reclamacións e puntos sexan trasladados ás autoridades educativas da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, BNG, , reservanse para o Pleno PP, PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez .- A moción a presentamos o día 13 de setembro , e presentamos un escrito preguntando por este tema , e para saír en defensa de nenos e nenas e dos pais e nais de este colexio. A ANPA estaba moi ilusionada por este aula que a xunta se cargou. Pasou o verán , e o alcalde non resolveu o problema. O que aconteceu co recorte de esta aula, había que defender o modelo de outros colexios como o CRA Amencer. Hai alumnos que se van aos CRA. Pedimos que esta moción se transforme nunha declaración institucional.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez(BNG).- Chegamos tarde , o curso xa está escomezado. Cando se publicou no DOG xa nos manifestamos en contra. Se preguntou ao alcalde e dixo que era cuestión de ratio.Utilizouse a época estival para que ningún se enterase. A solución non é levar aos nenos aos CRA.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- A defensa da educación é moi importante para o noso grupo, pero vou a seguir o criterio do meu grupo .

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP) .-Estamos a favor, nos imos a sumar.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- A educación é unha ferramenta que garante a igualdade de oportunidades, non é asumible que o nacemento no rural poida condicionar o acceso á educación. Non se poden permitir recortes. A Consellaría de Educación aproveita a época estival para que a xente non se entere.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Sendo unha declaración institucional vai a ter máis forza. Nos fixemos reclamacións dende o momento en que nos enteramos. Pena que o alcalde non falase coa Consellaría de Educación. Nos estamos coa xustiza antes que coa lei.

Alcalde.- Está suficientemente comprobada a colaboración do concello cos centros educativos . Os prazos fan que a administración educativa adopte determinadas decisións nesa época, tamén pasaba cando non era o Partido Popular o que xestionaba.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

15.- MOCIÓN BNG EN RELACIÓN COA EMERXENCIA CLIMÁTICA E A MOVILIZACIÓN DO 27 DE SETEMBRO POLO CLIMA.

A Comisión de Servizos Municipais Medio Rural e Medio Ambiente na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

O vindeiro venres 27 de setembro está convocada unha mobilización mundial en defensa do planeta e para facerlle fronte ás ameazas e riscos derivados da chamada crise do clima .Trátase dunha chamada de atención diante do inexorable cambio climático e da incapacidade de organismos internacionais e grandes corporacións para facerlles fronte.

A proba máis evidente desta crise son os recentes informes de dous organismos internacionais dependentes das Nacións Unidas : o Panel Intergubernamental sobre o Cambio climático e a Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos . Este informes fixeron saltar as alarmas sobre a catástrofe ambiental e humana a que está abocada o planeta se non se produce un drástico cambio de rumbo, xa que non se están cumprindo os obxectivos marcados nos sucesivos cumios do clima e os acordos internacionais ao respecto.

Non é tempo pois de declaracións para a galería. É tempo de actuar, e de facelo con determinación . Cómpre aprobar un plan de acción que vai ás causas do problema , non que simplemente minimize , atenúe e atrase as súas gravísimas consecuencias.

Dada a magnitude e as graves consecuencias que está a ter xa a emerxencia climática consideramos necesario enfrontala desde unha triple dimensión : a global, a galega e a local.

En primeiro lugar , nunha perspectiva global , cómpre denunciar o interese en poñer o foco de atención nas consecuencias da crise climática (incremento das temperaturas, seca , escasez de recursos, destrución da biodiversidade, ameazas para a saúde,) e non nas súas causas: sistema económico –capitalista depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas... Cómpre explicar a crise climática nese contexto, poñendo en relación as agresións ao medio coas desigualdades económicas e sociais.

En segundo termo , é necesario ter en conta o papel de Galicia na economía estatal e mundial como fornecedora de materias primas, mediante o desenvolvemento de actividades extractivas e depredadoras que teñen altos custos medioambientais e escasos beneficios sociais e para o país no seu conxunto. En consecuencia , debese situar no centro do debate as consecuencias para o clima , para a saúde, , para a cohesión social e territorial e para o benestar colectivo das actividades extractivas de sectores como o enérxico, industrial , forestal, megamineiro, macrocentros comerciais...defendendo un modelo alternativo que poña o relevo na sustentabilidade , na xustiza social , no equilibrio ambiental e no beneficio colectivo para o noso país.

En terceiro lugar é necesario considerar como afecta a emerxencia climática no ámbito local e as medidas que poden desenvolver os concellos e deputación, no seu ámbito de competencia , para facerlle fronte a este desafío, mediante a redución da pegada ecolóxica con actuacións no ámbito do urbanismo, a mobilidade, a enerxía , a xestión dos residuos, a xestión do ciclo de auga, ou a aposta por un

desenvolvemento económico máis sustentable e máis xusto que fomente os recursos propios , as cadeas de valor e o comercio de proximidade.

O debate sobre a emerxencia climática é un terreo cheo de boas intencións e de posturas cosméticas , mesmo aqueles gobernos e grandes corporacións que traballan xusto no sentido contrario e que son os principais responsables da crise do clima. Por iso precisamos menos declaracións e máis medidas efectivas para cambiar o rumbo dun mundo que vai camiño da catástrofe.

O grupo municipal do BNG solicita a adopción do seguinte acordo:

1 Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.

2 Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática , e esixir ao Estado español e á UE, que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

3 Reclamar ao goberno da Xunta de Galicia que desenvolva un marco lexislativo e estratexias concertadas con todos os axentes económicos , sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, a través de políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas , a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía , a minaría, a xestión da auga, e en xeral a políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos , a despoboación e o empobrecemento.

4 Impulsar/ seguir impulsando actuacións encamiñadas a minugar a pegada ecolóxica no noso concello desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

-Aposta por fontes de enerxía renovables no abastecemento , polo aforro e a eficiencia no consumo , e por un modelo enerxético sustentable, accesible para os sectores máis desfavorecidos.

-Desenvolvemento dun modelo sustentable, saúdo, e seguro, que potencie a mobilidade natural(a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario o uso dos vehículos privados a motor.

-Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesibles, amables e integradores , que favorezan a cohesión social , a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesibles, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.

-Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización , a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentable da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución , o consumo responsable e a reutilización de recursos.

-Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.

-Potenciar os espazos naturais protexidos e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.

Creación dun comité de acción contra a emerxencia climática, en coordinación con outras instancias institucionais, O obxectivo deste comité é analizar , propoñer e coordinar todas as actuacións do concello para facerlle fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan Director ou Plan Estratéxico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol , BNG ,RBC , reservanse para o Pleno PP, PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O máis importante é a mobilización contra a emerxencia climática, a mobilización a nivel galego e a nivel local. Pedimos apoio para a defensa do clima. Denunciamos a responsabilidade dos gobernos neste tema.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Maña é a mobilización mundial para a defensa do planeta, estaría ben sumarse. O clima é global non entende de fronteiras. Hai que actuar a nivel global, galego e local. Hai que defender o planeta, os espazos naturais de Galicia. As leis da Xunta permiten a depredación medioambiental.É moi necesaria a actuación no areal de San Cristovo que se aprobou no último pleno. Hai un gran problema ecolóxico coa acacia e o eucalipto.

Cristina Otero Alonso (PSOE).- Estamos de acordo, botamos en falta que o concello non organizase nada en relación con este evento.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- É unha cuestión a ter en conta todo o ano. Traballar nela todo o ano, non só maña.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Agradecer o apoio, é un tema moi importante.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

16.- MOCIÓN RBC PARA A CREACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE RIBADAVIA E A ORDENACIÓN E MELLORA DO ESPAZO DA FOZ E DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL.

A Comisión de Servizos Municipais Medio Rural e Medio Ambiente na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

MOCIÓN DE RIBEIRO EN COMÚN PARA A CREACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE RIBADAVIA E A ORDENACIÓN E MELLORA DO ESPAZO DA FOZ E DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL.

Exposición de Motivos

O día 21 de agosto ardía un colector de obra cheo de residuos no recinto de uso municipal situado na Foz. A esta instalación frecuentemente denomínaselle “Punto Limpo” mais é coñecido que o noso Concello non dispón dun espazo de Punto Limpo.

Os puntos limpos son instalacións cun equipamento axeitado para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos de orixe doméstica de especiais características.

O obxectivo fundamental destas instalacións consiste en poñer a disposición dos cidadáns un espazo para a achega voluntaria de residuos que non poden ser xestionados polos servizos convencionais da recollida de lixo, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou a súa composición (residuos perigosos).

No punto limpo sepáranse os distintos residuos segundo a súa tipoloxía, facilitando o seu tratamento e valorización posterior. Así, evítase que o seu destino final sexan os vertedoiros, a rede de sumidoiros pública ou calquera outro punto de vertido incontrolado, favorecendo a protección e mellora do medio ambiente.

Os residuos aceptados no punto limpo dependen directamente das características da instalación e da dotación de contedores da mesma. Son os concellos os encargados de establecer a segregación a levar a cabo, en función das súas necesidades, equipamento e xestores dispoñibles. O tempo que un residuo pode permanecer almacenado nun punto limpo non poderá exceder os seis meses, tratándose de residuos perigosos, ou os dous anos no caso dos residuos destinados á valorización. Así mesmo, é necesario que todos os contedores de residuos estean perfectamente etiquetados, e naqueles que conteñan residuos perigosos indicárase expresamente as características do residuo, as iconas de seguridade e a data de inicio do almacenamento.

As entidades encargadas da explotación (concellos ou entidades, e empresas concesionarias) deben levar un rexistro documental das entradas de residuos no punto limpo, e das saídas dos mesmos mediante albará ou xustificante de entrega aos xestores autorizados.

Axudas.

Para o exercicio 2019 convocouse pola Orde de 14 de decembro de 2018 as bases reguladoras para a Concesión de Axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de residuos de competencia municipal.

Puntos Limpos máis próximos.

No mapa oficial de puntos limpos de Galicia, constan o de Beade, Mancomunidade do Ribeiro, e o da Cañiza.

Situación no municipio de Ribadavia.

É obvio que o noso Concello non dispón nin exerce dun Punto Limpo, nin se acerca a exercer algo semellante á definición e funcións legais. Aínda así, é un servizo importante que o noso Concello deba ofrecer á súa veciñanza.

Para isto pode haber varias posibilidades e formatos. Xestión directa ou indirecta, a través de convenios con outras Administracións ou entidades. Os recursos do noso Concello son limitados, polo que trataríase de comezar a traballar nesta dirección, cando menos de poñer as bases.

Solucionar a situación desastrosa na que se atopa a instalación da Foz, así como da área que se utiliza na estación de tren, onde se acumulan residuos e colectores. O estado no que se atopan estes dous espazos non é de recibo, nin tampouco seguro, tal e como se demostrou no recente incendio. A imaxe que se dá non é a mellor, pero aínda menos o servizo municipal. Non poden servir tampouco de excusa que estes espazos non sexan propiedade do Concello, pois é a nosa institución quen os usa e emprega.

O servizo de Punto Limpo é moi demandado pola cidadanía, o noso Concello está obrigado a buscar solucións a actual situación. Ate o de agora, desde o Concello sempre se ofreceu un servizo de recollida da mellor maneira posible, con moi poucos recursos fíxose o que podía, pero agora demostrase que este é insuficiente para a demanda veciñal e debemos conseguir un mellor servizo.

Medidas inmediatas e urxentes.

Desbroce, limpeza e ordenación de todo o material acumulado nestas dúas zonas empregadas polo noso Concello. Retirada urxente nesta época de temperaturas altas de todo o material máis facilmente inflamable. Falamos ademais dunha zona moi próxima ao monte comunal de San Paio, que ademais é o propietario último. No caso da zona da estación, falamos dun lugar de entrada e vistosidade de Ribadavia, tanto en coche privado como en transporte público.

1 Que o concello de Ribadavia tome as medidas pertinentes para que a nosa veciñanza dispoña dun servizo de Punto Limpio, de acordo á normativa vixente.

2 Que o concello de Ribadavia tome as medidas pertinentes para solucionar a situación precaria da instalación na Foz, así como da área que se utiliza na estación de tren de Ribadavia, de acordo á normativa vixente.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC,PP, BNG , reservanse para o Pleno PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Enrique Rodríguez Alejos (RBC).- Hai dous colectores de residuos no concello, na Foz , onde estaba o matadoiro e na estación, son vertedoiros irregulares. Non hai un punto limpio, que é unha instalación moi demandada pola cidadanía.Propoñemos que se acorde poñer un punto limpo no lugar permitido pola normativa.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai moita xente que pensa que eses dous puntos son puntos limpios, que se cree un punto limpio de acordo á normativa.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Todos sabemos o que é un punto limpio. Tería que ser a Deputación a que prestase ese servizo. Que a aprobación definitiva do Plan Xeral prevea ese espazo, que ten que cumprir uns requisitos. Tamén se precisa mentalización da xente.Como vemos algunha laguna nos imos a abster.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Moito me temo que tendo puntos limpios a xente depositaría onde quixera. Se ten encargado carteis. O servizo de recollida funciona ben. Imos votar a favor , hai que propoñer unha solución.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer que non haxa votos en contra. O que hai alí o leva o concello , non a xente. A raíz do incendio hai que crear un punto limpio. Aínda que a propiedade é da comunidade de montes, a responsabilidade última é do concello.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), RBC (3), BNG (1) , abstención PSOE (4), fica aprobada.

17.-MOCIÓN PSOE PARA A CONTINUACIÓN DO PLAN DE ARRANXO DE CAMIÑOS E ESTRADAS NO RURAL. a Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 18 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Moción PSOE para a continuación do plan de arranxo de camiños e estradas no rural.

O longo dos últimos 4 anos e baixo o mandato do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, implantouse e executouse un plan de obras en tódalas parroquias do rural do Concello de Ribadavia, achegando as actuacións a todos os núcleos e levando a cabo máis de 40 actuacións en diversos camiños e estradas do rural, que dan servizo non só as parroquias, senón tamén, a un tema fundamental na nosa vila e comarca, como son os viñedos e os seus

accesos. Moitos deses camiños estaban en moi mal estado e recuperáronse para facilitar os traballos agrícolas e mellorar as condicións de traballo das persoas que se dedican a agricultura ou a viticultura. Dende o PSdeG-PSOE de Ribadavia e durante o noso goberno realizamos a apertura de viais, a mellora dos existentes e facilitando o acceso os servizos de emerxencia como camións de bombeiros, ambulancias ou vehículos de protección civil. Estas actuacións que levábamos a cabo, consensuábanse nas reunións que se tiñan cos diferentes voceiros para tratar os temas dos orzamentos. Nestas reunións recollíanse as inquedanzas do resto de grupos políticos e procedíase a execución do acordado, chegando a executar máis do 90% das peticións. A día de hoxe, e despois de que o goberno municipal tivera a colaboración do PSdeGPSOE, absténdose e facilitando uns orzamentos, que o propio alcalde vendeu como que os fixera nun mes, cando a realidade é que moitas das actuacións xa estaban previstas polo anterior goberno socialista, se incorporou unha partida a petición do Grupo Socialista para que este programa de arranxo de camiños no rural, seguise existindo. Trátase dun programa no que o único que ten que aportar o concello son materiais para realizar as melloras e se se planifica e moi satisfactorio para a toda a veciñanza e persoas do noso concello. O propio concello resúltalle beneficioso porque tan só aporta os materiais e son as brigadas da Deputación as que realizan o traballo. A día de hoxe, despois de que se aprobasen os orzamentos e pasar case tres meses da man do novo goberno, este verán, por primeira vez, non se fixo nin unha sola actuación.

Polo exposto o Grupo Municipal Socialista propón a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Que ata o mes de outubro, debido as novas condicións climatolóxicas , se execute algunha actuación nalgún camiño, polo que polo tanto pedimos que se siga con este plan de forma inmediata.

SEGUNDO:- Que se reúna os grupos de voceiros ou que se articulen os mecanismos que o grupo de goberno estime convinte para consensuar cos diversos grupos os camiños nos que se quere actuar nas próximas datas.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, , reservanse para o Pleno PP, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Eu nunca agardei ter que traer esta moción ao pleno, este plan o puxo o anterior denostado goberno. Isto era moi fácil de facer, simplemente poñer o material, xa sei o que van a dicir, que non estaba aprobado o orzamento, pero se puido facer unha modificación orzamentaria. Hai varias opcións, se o goberno tivera querido podía facer os poucos camiños que quedan por arranxar .É extraño que nadie diga nada sobre estas cuestións, e que o propio alcalde que é deputado provincial non faga nada. Esa é a intención da moción, o goberno non foi o diligente que tiña que ser. Aínda da tempo, se o goberno o fai estupendo. Hai veciños que comentan que é extraño que este ano non se fagan os camiños. A nos se nos acusaba de non consensuar os camiños que se facían, os corenta que se fixeron estaban nas propostas dos grupos.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Estamos a favor , se debe facer, nalgúns sitios é moi necesario. Convinte que houbera xuntanzas de portavoces para consensuar, hai pobos abandonados, hai demandas dos veciños

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Imos votar a favor, temos pedido o que se solicita no segundo punto. O pedíu o actual alcalde cando estaba na oposición. Algún camiño é urxente e debería facerse .

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Os camiños se revisaron cun técnico da Deputación, están a piques de chegar as valoracións. Aos plenos se traen mocións e rogos , de ahí se elixen as actuacións. Se hai un camiño concreto que se requira se pode engadir á lista sen ningún problema.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Agora se empezan a ver as cousas de outra maneira, agora que son vostedes goberno. Me sorprende que se esté medindo en setembro. Non se me aclara se se vai a facer algún camiño.

Alcalde.- Se van a facer os seguintes, tramo na rúa Carlos Casares, rúa Pequena en San Cristovo, A Quinza rotonda N-120, camiño de O Coto, Subida a Capela de Santa Lucía. Se está esperando a valoración.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

18.- MOCIÓN PSOE REXEITANDO A POLÍTICA DE RECORTES NA EDUCACIÓN PÚBLICA QUE LEVA A CABO O GOBERNO DA XUNTA.

A Comisión de Cultura, Enoturismo e Termalismo na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Moción PSOE sobre a política do goberno galego en relación ao comezo do curso escolar

O longo dos últimos 4 anos e baixo o mandato do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, implantouse e executouse un plan de obras en tódalas parroquias do rural do Concello de Ribadavia, achegando as actuacións a todos os núcleos e levando a cabo máis de 40 actuacións en diversos camiños e estradas do rural, que dan servizo non só as parroquias, senón tamén, a un tema fundamental na nosa vila e comarca, como son os viñedos e os seus accesos. Moitos deses camiños estaban en moi mal estado e recuperáronse para facilitar os traballos agrícolas e mellorar as condicións de traballo das persoas que se dedican a agricultura ou a viticultura. Dende o PSdeG-PSOE de Ribadavia e durante o noso goberno realizamos a apertura de viais, a mellora dos existentes e facilitando o acceso os servizos de emerxencia como camións de bombeiros, ambulancias ou vehículos de protección civil. Estas actuacións que levábamos a cabo, consensuábanse nas reunións que se tiñan cos diferentes voceiros para tratar os temas dos orzamentos. Nestas reunións recollíanse as inxerencias do resto de grupos políticos e procedíase a execución do acordado, chegando a executar máis do 90% das peticións. A día de hoxe, e despois de que o goberno municipal tivera a colaboración do PSdeGPSOE, absténdose e facilitando uns orzamentos, que o propio alcalde vendeu como que os fixera nun mes, cando a realidade é que moitas das actuacións xa estaban previstas polo anterior goberno socialista, se incorporou unha partida a petición do Grupo Socialista para que este programa de arranxo de camiños no rural, seguisse existindo. Trátase dun programa no que o único que ten que aportar o concello son materiais para realizar as melloras e se se planifica e moi satisfactorio para a toda a veciñanza e persoas do noso concello. O propio concello resúltalle beneficioso porque tan só aporta os materiais e son as brigadas da Deputación as que realizan o traballo. A día de hoxe, despois de que se aprobasen os orzamentos e pasar case tres meses da man do novo goberno, este verán, por primeira vez, non se fixo nin unha sol

PRIMEIRO.- Rexeitar a política de recortes e desmantelamento da educación pública que está levando a cabo o goberno do PP na Xunta de Galicia, que provoca a perda de calidade no servizo público educativo e lesiona principios como os de igualdade de oportunidades , xustiza social e equidade.

SEGUNDO:- Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a revertir de xeito inmediato os recortes levados a cabo e a apostar

decididamente por un sistema educativo, público , universal , gratuito e de calidade.

3 Remitir o acordo aos grupos do Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia para a súa toma en c onsideración.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, , reservanse para o Pleno PP, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Ribadavia está a vivir de primeira man os recortes en educación. No colexio Tomás de Lemos recorte de un mestre e unha aula. Hai un castigo de Feijoo a educación en Ribadavia. Que os veciños non teñan que levar os seus fillos e fillas á cidade,ou a escola privada ou concertada. A educación é unha ferramenta para a igualdade de oportunidades. O orzamento da Xunta en educación se reduce. Hai menos mestres e se reducen as unidades escolares. Hai insuficiencia de escolas infantís, falta de compromiso cos mestres. Falta de apoio a formación profesional. Hai que velar pola educación no rural, garantir a educación de calidade para os nenos e nenas do rural,

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Esta moción pode ir ligada á anterior, rexeitamos os recortes e o desmantelamento da educación pública. Nos preocupa.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Imos votar a favor, entronca coa moción anterior, concordamos.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Non concordamos coa visión do partido socialista.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- A visión é a da veciñanza, a non gratuidade dos libros de texto.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RBC (3) , BNG (1) , votos en contra PP (5), fica aprobada.

19.- MOCIÓN PSOE PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA INSTE A PATRIMONIO A CUMPRIR CO COMPROMISO DE ARRANZO DA PONTE DE A VERONZA TRALA REUNIÓN MANTIDA ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO E O ANTERIOR GRUPO DE GOBERNO.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promocion Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Moción do grupo municipal socialista para que o concello de Ribadavia inste a Patrimonio a cumprir co compromiso de arranxo da ponte de A Veronza trala reunión mantida entre a Directora Xeral de Patrimonio e o anterior grupo de goberno.

Grupo Municipal Socialista de Ribadavia insta ao grupo de Goberno do Partido Popular do Concello de Ribadavia a realización urxente de actuacións de reforzo, aseguramento e consolidación da Ponte Medieval da Veronza e o seu entorno, que no ano 2017 o Grupo de Goberno do Psoe do Concello de Ribadavia presentou aos Técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio.

En decembro de 2017, a borrasca “Ana” provocaba danos importantes na estrutura da ponte medieval da Veronza. Daquela levouse a cabo unha actuación urxente para evitar novos arrastres de pedras cara ao río Avia, agardando a unha posterior actuación integral de reconstrucción e reforzo da ponte medieval.

Esta actuación definitiva de reconstrucción e reforzo da ponte **aínda non se levou a cabo e achégase novamente o inverno**. Coa chegada do inverno poden volver a aparecer borrascas da magnitude de Ana que, unidas ao estado do río Maquiáns tra-los lumes do pasado outubro de 2017 tal e como se relatou nas pasadas comisións informativas, podendo provocar novos desperfectos na ponte medieval da veronza, e isto pode supoñer un importante risco para a integridade da histórica ponte.

Dende o Grupo Municipal Socialista de Ribadavia consideramos que se debe levar a cabo de xeito inmediato unha actuación preventiva, á vista da época do ano que ven por diante, coa finalidade de reforzar, asegurar e consolidar a ponte medieval da Veronza e o seu entorno. **Cremos que despois de xa dous anos e agora coas institucións da mesma cor política, non haberá impedimento para conservar, rehabilitar ou restaurar esta ponte de tanto valor para Ribadavia, que foi paso de peregrinos a Compostela.**

1 Instar ao goberno municipal a realizar as accións pertinentes para que esta moción sexa atendida pola Dirección Xeral de Patrimonio, de novo, e se leve adiante e se cumpran os compromisos adquiridos co anterior grupo de goberno de xeito inmediato, cunha actuación urxente na ponte medieval da Veronza do s XII, e no seu entorno coa finalidade de reforzar, asegurar, consolidar, para evitar posibles afectacións derivadas da chegada do inverno e a aparición de posibles aumentos desmedidos de caudal nos ríos Avia e Maquiáns, en definitiva,; restaurar e/ou recuperar a ponte de importante valor histórico-patrimonial do noso municipio.

2 Presentar con inmediatez á Dirección Xeral de Patrimonio para a recuperación de dita ponte e buscar financiación de inmediato.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, , reservanse para o Pleno PP, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Os cidadáns teñen que ver o que se decía antes e o que se fai agora. Nos actuamos cando houbo o problema da ponte e houbo moita demagogia. O concelleiro Javier Sendín fixo unha gran labor con poucos cartos. Se decía que o alcalde non chamaba as portas, houbo unha reunión coa Dirección Xeral de Patrimonio e se acadou o compromiso de facer un proxecto. Houbo un proxecto que se presentou para unha subvención por concorrencia competitiva na Casa da Cultura e se denegou e agora aparecen 60.000 euros para a Casa da Cultura. A ponte se cae e a culpa non é do anterior goberno. Pasaron dous anos e a ponte pode caer. Dan o diñeiro en función de

quen está na alcaldía. Hai que ver como actúa esta Deputación e as outras. Que lle pregunten aos alcaldes de Coruña, Pontevedra ou Lugo. A Deputación de Ourense reparte oito millóns de euros do seu orzamento a dedo. Agora se lle da ao alcalde de Ribadavia. É unha realidade palmaria que neste tema da ponte non se está facendo nada, nin sequera o proxecto. Cando escoitaba a Paula na anterior moción eu lle digo que o problema das obras moitas veces non é facer a propia obra, senón os trámites. En San Xes nunca nos pediron un Plan Director e a técnica foi moitas veces. Espero que non pase ningunha desgraza. Esta moción é unha copia literal da presentada a pleno polo PP, engadindo un punto. Segue existindo a mesma perigosidade.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O arranxo da ponte ten que ser inminente. Nos xa preguntamos por este tema. Co inverno pode empeorar a situación.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Os puntos nos parecen ben, o tono de quen os defende non, o de mencionar aos compañeiros, retar e rirse nas intervencións. Hai faltas de respecto constantes. Isto xa o pedimos nos, se en dous anos gobernando non fixen nada no tema, sería máis modesto na intervención. Nos votamos a favor de todo o que mellore Ribadavia, fomos a todos os actos a todas as reunións. Nestes tres meses tivemos unha actitude impecable.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- O importante é que se arranxe a ponte.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

20.- MOCIÓN PSOE PARA A IMPLANTACIÓN DO GRAO DE ENOLOXÍA NA PROVINCIA DE OURENSE.

A Comisión de Cultura, Enoturismo e Termalismo na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Moción PSOE para a implantación do grao de enoloxía na provincia de Ourense.

A nosa sinal de identidade son os nosos viños, parte importante da economía de moitos veciños e veciñas do Ribeiro. A denominación de orixe máis antiga de Galiza é a Denominación de Orixe de O Ribeiro, que representa o maior estándar de calidade dos viños da nosa contorna. Son cinco as denominacións de orixe que encontramos no noso país: - Denominación de Orixe Ribeiro -Denominación de Orixe Valdeorras -Denominación de Orixe Ribeira Sacra -Denominación de Orixe Monterrei -Denominación de Orixe Rías Baixas No ano 2018, a DO Ribeiro produciu 8,98 millóns de quilos de uvas, uns 3,23 millóns de litros. No Ribeiro temos máis de 41 adegas e 72 colleiteiros e colleiteiras, ademais de arredor de 5800 viticultoras e viticultores. Comprobamos, que é un dos sectores máis importantes e dinamizador da nosa provincia, e é necesario avanzar na profesionalización e cualificación dun sector que nos últimos anos sufriu unha gran transformación, a cal é clave na calidade dos nosos viños. Nesa calidade está claro que inflúe directamente a calidade do produto, que é inmejorable, pero tamén a man do ser humano; neste ámbito entra dunha maneira moi importante o papel do enólogo ou enóloga. No centro de Formación Profesional de Ribadavia, podemos formar persoal neste eido a través do ciclo superior de viticultura, como técnico en elaboración de bebidas, nunca enoloxía, o que quere dicir, que unha persoa que queira formarse como enólogo ten que desprazarse a outra comunidade autónoma ou mesmo a outro país. Tamén temos un ciclo medio de aceites e viños, co que aqueles que cursen estes estudos aprenderán a elaborar e envasar aceites de oliva, viños e outras bebidas de acordo cos plans de produción e calidade, efectuando o mantemento de primeiro nivel dos

equipamentos e aplicando a lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais. O enólogo ten a capacidade profesional para realizar o conxunto de actividades relativas aos métodos e técnicas do cultivo de viñedo e a elaboración de viños, mostos e outros derivados da vide, o análise dos produtos elaborados e a súa almacenaxe, xestión e conservación.

O noso país é un dos produtores máis importantes na Industria Vitivinícola e Enolóxica a nivel mundial, polo que a oferta universitaria é ampla, tendo carreira universitaria en varias cidades de España como Badajoz, Cádiz, Logroño, Palencia, Tarragona, Córdoba ou Ciudad Real. Resulta curioso, que Ourense, sendo unha das provincias españolas con maior número de denominacións de orixe de viño, non conte con formación propia nesta materia, cando é un dos nosos recursos máis prezados e polo que nos damos a coñecer fóra das nosas fronteiras. O enoturismo é un dos puntos claves que temos que traballar na nosa provincia, para ser un referente na chegada de novos visitantes. Son moitos os que veñen cada ano a apreciar os nosos caldos, realizar catas ou, simplemente, visitar os nosos viñedos e coñecer de primeira man como se elaboran os nosos viños. Sen embargo, neste ámbito temos moito traballo por diante, para converternos en referente nacional e mundial. Dende o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia non vemos xusto, nin entendemos que coa importancia que teñen as Denominacións de Orixe en Galicia e que no caso do Ribeiro en concreto ten como sustento a viticultura, non haxa posibilidade de formación neste eido na nosa provincia ou comunidade, tal como explicamos. Consideramos que a aposta pola viticultura e a enoloxía debe ser total, nunha vila que é capital dunha comarca, que destaca polos seus viños e no que, como xa comentamos, moita parte da veciñanza e das empresas viven única e exclusivamente do mundo do viño.

Polo exposto o grupo municipal socialista propón a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Solicitar o concello de Ribadavia que inste a Xunta de Galicia para a realización dos trámites necesarios ante o Concello Galego de Universidades e o Ministerio de Educación para a implantación do Grao de Enoloxía na Universidade de Vigo e máis concretamente no Campus de Ourense , polo gran peso que a DO Ribeiro ten na nosa provincia, ademais de que contamos con outras 3 Denominacións de Orixe, sendo a provincia con maior número de DO de Galicia. Deste xeito , dotaremos de mellores medios e servizos os nosos e as nosas profesionais para que poidan facer medrar este sector dentro da nosa comarca, da nosa provincia e da nosa comunidade autónoma ,sen ter que saír das nosas fronteiras.

SEGUNDO:- Solicitar o traslado deste acordo á Deputación Provincial de Ourense para que tome nota do mesmo e realice os trámites necesarios para loitar pola implantación deste Grao na nosa provincia.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, , reservanse para o Pleno PP, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- En Galicia temos cinco denominacións de orixe, catro delas pertencen á Provincia de Ourense, e a nosa ademais é a D.O máis antiga de Galicia. Ademais de estas D.O. contamos con 4 indicacións xeográficas protexidas dos viños: Terra de Barbanza e Iria, Terra de Betanzos, Ribeiras do Morrazo, e da provincia de Ourense Val do Miño –Ourense que é das máis antigas. Oito hectáreas, sete viticultores e cinco adegas elaboraron o pasado ano 18.490 litros de viño.

Facer alusión as fontes onde recabei datos como foron : campo galego, a páxina oficial do Consello regulador e as entrevistas emitidas polo presidente do consello

regulador. O consello regulador conta con 115 adegas inscritas , 1700 viticultores/as inscritas no censo. Datos reais e con informes técnicos que o garanten acreditan que conta con 1300 hectáreas de viñado. Facendo unha comparativa con anos anteriores recolleronse: no ano 2016 11 millóns 6 mil 550 kilos de uvas; no ano 2017 sufrimos as inclemencias producidas pola xeadada e recolleronse 9 millóns 650 kilos; no ano 2018 arredor de 9 millóns debido as plagas fúxicas como o mildiu. A porcentaxe en produción de viño a prensa alude a un 92% en viño branco, 7-8% en viño tinto e unha cantidade pequena de tostado.

Datos da cooperativa Viña Costeira , teñen 485 socios e socias, ademais adquiren uvas a unhas 300 persoas a maiores. Entre todos eles xestionan unhas 420 hectáreas ,das cales unhas 45 son propiedade directa da adega. A colleita de 2018 , debido á acción do mildiu, recolleronse 2.960.000 kilos. Nos doce meses de venda de 2018, venderonse arredor duns catro millóns de botellas. Viña Costeira xera sobre cen postos de traballo eventuais e entre cincuenta e sesenta postos de traballo fixos.

Comprobamos que é un dos sectores máis importantes e dinamizadores da nosa comarca e da provincia, e é necesario, como comentamos na moción, avanzar na profesionalización e cualificación do sector que nos últimos anos sufríu unha gran transformación , en positivo, tanto a nivel de recuperación dos viñedos por parte de un gran número de xóvenes que apostan por vivir no rural, recuperando as terras e sacándolle produción, por medio do enoturismo .É un dos puntos clave que temos que traballar na nosa provincia , para ser un referente na acollida de turistas. Son moitos os visitantes que veñen cada ano a realizar catas, a visitar os nosos viñedos e coñecer de primeira man como se elaboran os nosos viños .Hai unha nova tendencia denominada turismo sostible agroturismo/ ecoturismo. Neste ámbito temos moito traballo por diante , para converternos en referente nacional e mundial. Na calidade do Ribeiro está claro que inflúe directamente a calidade do produto, pero tamén a man do ser humano, neste ámbito entra dunha maneira importante o papel do enólogo/a.

Dende o grupo municipal socialista do concello de Ribadavia non vemos xusto, nin entendemos que coa importancia que teñen as Denominacións de Orixe na nosa provincia e en Galicia , e no caso do Ribeiro en concreto, que ten como sustento a viticultura, non haxa posibilidade de formación neste eido na nosa provincia ou comunidade nos parece algo extraño , que as persoas teñan que irse da nosa comunidade a formarse como enólogo teña que desprazarse a Badajoz, Cádiz, Logroño, Palencia , Tarragona, Córdoba ou Ciudad Real ou mesmo a outro país.Por elo nos vemos obrigados a solicitar esta moción para a implantación deste grao universitario. A día de hoxe toda persoa que queira formarse neste eido na nosa comunidade pode facelo a través dunha formación profesional. No centro de formación profesional de Ribadavia podemos formar persoal a través do ciclo superior de viticultura, como técnico de elaboración de bebidas, nunca enoloxía.

Se queremos apostar e seguir crescendo da man dun sector esencial é necesario facelo da man de profesionais. Con todos os datos e co respecto que todos lle temos a nosa DO Ribeiro , pido apoio para levar adiante esta moción e se traslade

como pedimos a Xunta de Galicia, ao Ministerio de Educación e se chegue tamén a acadar este acordo á Deputación de Ourense.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- En Ourense hai algo relacionado coa alimentación. Sempre defenderemos este sector , hai moita xente que vive e quere vivir de este sector.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Nos parece xusto, imos votar a favor.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Para que haxa viños se precisa que a xente os traballe. Que cheguen axudas dos Fondos Europeos.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Hai que apostar pola xuventude e pola súa formación para que traballe no sector do viño.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

21.- NOMEAMENTO DOS MEMBROS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES.

A Comisión de Servizos Municipais Medio Rural e Medio Ambiente na súa sesión de 19 de setembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Consonte ao previsto no artigo 2 do Regulamento de Funcionamento do Consello Municipal de Deportes propónse ao pleno ratificar o nomeamento dos seguintes concelleiros e concelleiras como membros do Consello Municipal de Deportes:

D Miguel García Domínguez en representación do PP.

D José Ignacio Gómez Pérez en representación do BNG.

D Enrique Rodríguez Alejos en representación de RBC.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez, en representación do BNG.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, PSOE, PP, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

23 MOCIÓNS DE URXENCIA.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O noso grupo vai a presentar unha moción de urxencia para que o concello de Ribadavia democratice e limpie o censo municipal de altas irregulares. Dada a hora se non se pode plantexar a reconvirto en rogo

Alcalde.- Por unha cuestión de legalidade , dado que o pleno non pode debatir mocións nin adoptar acordos despois das doce horas , sería mellor que se plantexase como rogo.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A vou a plantexar como rogo, pero xa anuncio que mañá mesmo se rexistrará para que sexa tratada como moción no próximo pleno. A cuestión é que o concello de Ribadavia democratice de limpeza o censo municipal de altas irregulares; dado que hai constancia

que hai persoas que están empadronadas sen cumprir os requisitos legais. Os puntos de acordo que propoñemos e que agora plantexo como rogos son:

1. Que o Concello de Ribadavia proceda a regularizar a totalidade do censo municipal de Ribadavia en aras de transparencia democrática, a través da revisión do mesmo e axustando o Censo de Ribadavia ao cumprimento da normativa vixente.

2. Que o Concello de Ribadavia constitúa unha Comisión municipal, con presenza de todos os grupos municipais, para abordar esta labor. Que se realice un informe técnico do procedemento de todas as ALTAS que os grupos municipais consideren oportunas estudar e avaliar, no que se aborde a data e tipo de mecanismo esixido pola lei, así como o procedemento que se levou a cabo na comprobación previa á alta no censo electoral do Concello de Ribadavia das persoas e domicilios que os grupos municipais da Corporación soliciten.

Dita Comisión e informe técnico deberán contar con xustificantes tales como: recibo de IBI, contrato definitivo ou último recibo dunha compañía de servicios (agua, gas, teléfono fijo,...), no que conste o domicilio e figure nome de polo menos unha das persoas que solicitan o empadronamento. No caso de aluguer ademais: o contrato vixente de arrendamiento de vivienda acompañado do último recibo de aluguer. No suposto de estranxeiros, según a Ley Orgánica 14/2003, de 20 de noviembre, sobre los derechos y libertades de los extranjeros en España (art. 3º, punto 2), deben aportar pasaporte do país de procedencia no suposto de cidadáns nacionais de estados membros da Unión Europea.

O transformamos en rogo. Hai unha resolución de alcaldía de data de 3 de xaneiro no que constan algunha das cuestións aludidas. Hai dúas persoas nacionais de Portugal que foron dadas de alta ao cumprir os 18 anos. Se alguén se considera perxudicado nos pode requerir en sede xudicial.

Reiterar todos os anteriores rogos presentados e non atendidos.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Querría saber a cantidade pendente de pagamento a Augas de Galicia , non teño o dato , e coñecer a disposición por parte de Augas de Galicia a reparar as redes do concello.

Quería saber se a agua da fonte de A Quinzá é potable.

Alcalde.- Non está marcada como potable, pero se vai a marcar como non potable.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Quería preguntar pola colocación da fonte no Parque Robla.

Alcalde.- Se están estudiando as posibles solucións.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- ¿ Cando se vai a trasladar o Consello Regulador ao edificio do centro comarcal?

Alcalde.- Non se sabe a data exacta.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Pola prensa nos enteramos de que houbo unha ronda de contactos do alcalde coa Deputación e con diferentes membros da Xunta para obter investimentos para Ribadavia, pediríamos que se informase ao respecto.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE). – Sobre o informe do custe das Festas do Portal ¿ cando costaron as bandas?

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Dado que xa pasaron cen días de goberno, reclamar ao concelleiro de servizos que cando empezaron funcionaba algunha fonte, agora non funciona ningunha. Dous fontes de manantial poderían minimizar o problema que se plantexa agora.

Dirixíndome ao alcalde, sempre foi unha persoa decorosa, compañeira, discreta. Hai cousas que non poden saír de estas catro paredes. Esta é unha institución seria, sabe a que me refiero.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- ¿ Còmo non se puso un cartel informativo de que se cortaba o tráfico na Foz polas obras?

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- O día 13 de setembro presentei por escrito dúas preguntas ao alcalde. Que cando se preveía o remate da obra

do campo de fútbol e se había unha petición de prórroga pola empresa. Se me contestou que a administración contratante era a Deputación. Me vai a contestar as dúas preguntas ou lle contesto eu. O concello é cofinanciador e titular da obra. Me vai a contestar ou lle fago un rogo.

Alcalde.- Se lle contestou por escrito, vostede sabe que a obra a fai a Deputación. A obra non se empezou a executar ata o 1 de xuño, que era vostede alcalde. A empresa pediu unha prórroga de catro semanas o vinte e nove de agosto. A contestación da xunta de goberno non é ningunha tomadura de pelo, é o mesmo que contestaba vostede cando era alcalde.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- ¿Cando se prevé o remate de esa obra? Eu contestareille, o motivo do retraso para empezar. É unha nova tomadura de pelo. Me dirixin á Deputación, que dixo que coa chegada do mes de agosto as fábricas que suministran o césped pechan é o motivo do retraso. Hai un acta de replanteo e uns prazos a cumprir coa Confederación. Mentiu cando dixo que a obra acabaría en quince días. O concello puso cen mil euros, hai un prexuízo para Ribadavia e para os clubs. Non se empezaron as obras porque querían que vostede as inaugurase.

E sendo as doce horas da noite e trece minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO